# AXUDAS AS EMPRESAS EN MATERIA DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS (CONVOCATORIA 2009)

## ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

### A) INFRAESTRUTURA INTERNA DAS EMPRESAS

**A1) IMPLANTACIÓN OU MELLORA DA REDE DE DATOS INTERNA DA EMPRESA, QUE PODE INCLUÍR TAMÉN OS ELEMENTOS FÍSICOS NECESARIOS PARA O ACCESO Á INTERNET.**

**A2) INVESTIMENTO EN BENS DE EQUIPO QUE SUPOÑAN UNHA MUDA TECNOLÓXICA SUBSTANCIAL PARA AS EMPRESAS DO SECTOR AUDIOVISUAL GALEGO, OU QUE CONTRIBÚAN A CONSOLIDAR PROCESOS XA INICIADOS DE IMPLANTACIÓN DE TECNOLOXÍAS EMERXENTES NESTE SECTOR.**

### B) APLICACIÓNS INFORMÁTICAS NAS EMPRESAS

**B1) IMPLANTACIÓN DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS BASEADAS EN CÓDIGO ABERTO E REALIZADAS A MEDIDA PARA O SOLICITANTE, OU ADAPTACIÓN DE LIBRARÍAS INFORMÁTICAS BASEADAS EN CÓDIGO ABERTO, DESTINADAS AOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN E DE XESTIÓN DA EMPRESA SOLICITANTE**

ENTENDERASE COMO SOFTWARE DE CÓDIGO ABERTO, PARA ESTA ACTUACIÓN E CALQUERA OUTRA, AQUELAS APLICACIÓNS INFORMÁTICAS CO CÓDIGO FONTE QUE SE OFREZA BAIXO OS TERMOS DUNHA LICENZA GPL OU COMPATIBLE (VER EN HTTP://WWW.FSF.ORG), OU BEN CALQUERA LICENZA DAS RECOLLIDAS POLA OPEN SOURCE INITIATIVE (VER EN HTTP://WWW.OPENSOURCE.ORG). [1]

**B2) ADQUISICIÓN E IMPLANTACIÓN DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS (SOFTWARE) DE CARÁCTER PRODUTIVO.**

-AS APLICACIÓNS DEBERÁN ACHEGAR SOLUCIÓNS ESPECÍFICAS PARA A ACTIVIDADE ECONÓMICA QUE DESENVOLVE O SOLICITANTE,
-NON SE CONSIDERARÁ NINGUHA LICENZA DO SEGUINTE SOFTWARE: SISTEMA OPERATIVO, XESTIÓN DE REDE E SERVIDOR, CONTORNO OFIMÁTICO (EDITOR, CÁLCULO, PRESENTACIÓN), BASES DE DATOS, DESEÑO GRÁFICO, DESEÑO DE ESTRUTURAS OU INSTALACIONES, CONTABILIDADE E NÓMINAS, SISTEMAS ERPS E CRM, E OUTRAS LICENZAS DE SOFTWARE DE PROPÓSITO XERAL.

**NOTA**: AS APLICACIÓNS INFORMÁTICAS ANTERIORES CANDO SEXAN APLICACIÓNS PARA USO EXTERNO DEBERÁN *FACILITAR AS TRANSACCIÓNS ELECTRÓNICAS* DE PRODUTOS OU SERVIZOS ENTRE O SOLICITANTE E TERCEIROS, E TERÁN QUE *SER ACCESIBLES DESDE O EXTERIOR* DA EMPRESA, POR TERCEIROS, EMPREGANDO UN PROGRAMA CLIENTE (NAVEGADOR DA INTERNET, EDI, ETC). NON SERÁN SUBVENCIONABLES AS APLICACIÓNS DE CARÁCTER MERAMENTE INFORMATIVO, SE NON LEVAN APARELLADA A POSIBILIDADE DE REALIZACIÓN DE PROCESOS E TRANSACCIÓNS ECONÓMICAS PROPIAS COAS EMPRESAS PARTICIPANTES.

-CANDO AS APLICACIÓNS SEXAN DE EMPRESA AO CONSUMIDOR (B2C, BUSINESS TO CONSUMER), É IMPRESCINDIBLE INCLUÍR SISTEMAS DE PAGAMENTO ELECTRÓNICO MEDIANTE PASARELA BANCARIA.
-CANDO AS APLICACIÓNS SEXAN DE EMPRESA A EMPRESA, (B2B, BUSINESS TO BUSINESS), DEBERASE INCLUÍR CONTROL OU AUTENTIFICACIÓN DE USUARIOS, AÍNDA QUE NON SERÁ IMPRESCINDIBLE INCLUÍR SISTEMAS DE PAGAMENTO ELECTRÓNICO.

### C) ACTUACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DO SECTOR DAS TIC

**C1) DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS BASEADAS EN CÓDIGO ABERTO.**

-DEBERÁ IDENTIFICARSE CLARAMENTE A LICENZA ESCOLLIDA TANTO PARA O CÓDIGO FONTE E BINARIOS COMO PARA A DOCUMENTACIÓN DE USO E DESENVOLVEMENTO POR TERCEIROS.
-CANDO ASÍ O ESTABLEZAN AS CLÁUSULAS DA LICENZA ESCOLLIDA, O BENEFICIARIO DEBERÁ FACILITAR O ACCESO PÚBLICO AO CÓDIGO FONTE DA APLICACIÓN INFORMÁTICA DESENVOLVIDA E Á DOCUMENTACIÓN AXEITADA PARA O SEU USO POR TERCEIROS, EMPREGANDO OS SEUS MEDIOS PROPIOS OU OUTROS MEDIOS PRIVADOS OU PÚBLICOS, EX. REPOSITORIO PÚBLICO GALEGO DE SOFTWARE LIBRE (HTTP://FORXA.MANCOMUN.ORG).

**C2) DESENVOLVEMENTO DE NOVOS PRODUTOS OU SERVIZOS TIC, QUE SEXAN PROPIEDADE DO SOLICITANTE, E QUE ESTEAN SUXEITOS A UN PAGAMENTO POR USO, LICENZA OU ADQUISICIÓN, POR PARTE DE TERCEIROS.**

PODERÁN CONSIDERARSE NOVAS VERSIÓNS OU EVOLUCIÓNS SUBSTANCIAIS DE PRODUTOS ANTERIORES XA DESENVOLVIDOS E COMERCIALIZADOS CON ANTERIORIDADE, DEBENDO, NESTE CASO, ACREDITAR AS FUNCIONALIDADES EXISTENTES NO PRODUTO ACTUAL, ASÍ COMO A EVOLUCIÓN E MELLORA QUE SE PRETENDE ACADAR NA NOVA VERSIÓN QUE SE PROPÓN.[2]

### D) FORMACIÓN TÉCNICA E PROMOCIÓN DO SECTOR DAS TIC.

**D1) PRESENZA DA EMPRESA TIC E DO SEU PERSOAL PROPIO EN FOROS ESPECIALIZADOS DE COMERCIALIZACIÓN, FORMACIÓN TECNOLÓXICA OU ESTANDARIZACIÓN, TANTO EN CALIDADE DE VISITANTES PROFESIONAIS COMO EXPOSITORES.**

**D2) ASISTENCIA DO PERSOAL PROPIO[3] DA EMPRESA TIC A CURSOS DE FORMACIÓN ESPECIALIZADA NOS MEDIOS DE PRODUCIÓN NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS PRODUTOS E SERVIZOS.**

**D.3) ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DOS SERVIZOSE PRODUCTOS DA EMPRESA TIC ENTRE OS SEUS CLIENTES.**

**NOTA: TODAS AS APLICACIÓNS INFORMÁTICAS CANDO SEXAN PARA USO EXTERNO ACCESIBLES A TRAVÉS DE INTERNET DEBERÁN NECESARIAMENTE CUMPRIR CRITERIOS DE ACCESIBILIDADE**

---

[1] EX. ENTRE AS LICENZAS DESTE TIPO MÁIS DIFUNDIDAS, PÓDENSE SINALAR A GPL (LICENZA PÚBLICA XERAL GNU), LGPL (LICENZA PÚBLICA XERAL MENOR GNU), MPL (LICENZA PÚBLICA MOZILLA), BSD (LICENZA PÚBLICA BSD), OU A NOVIDOSA EUPL (LICENZA PÚBLICA EUROPEA).

[2] NESTE TIPO DE ACTUACIÓNS SERÁ OBXECTO DE ESPECIAL CONSIDERACIÓN O CONTIDO DA MEMORIA TÉCNICA DO PROXECTO, E PARTICULARMENTE A INFORMACIÓN ESPECÍFICA SOBRE ESTAS ACTUACIÓNS, QUE SE RECOLLE NO PUNTO 3 DO MODELO DE MEMORIA TÉCNICA (A DESCRICIÓN QUE FAGA O SOLICITANTE SOBRE A SÚA EXPERIENCIA, A SITUACIÓN DO MERCADO, A IDENTIFICACIÓN DE CLIENTES REAIS E POTENCIAIS, O PREZO DE VENDA ESTIMADO DO SEU NOVO PRODUTO OU SERVIZO, ASÍ COMO A DESCRICIÓN DA METODOLOXÍA OU MÉTRICA QUE SE EMPREGARA NO DESENVOLVEMENTO).

[3] ENTENDERASE POR PERSOAL PROPIO DA EMPRESA O VINCULADO MEDIANTE RELACION LABORAL E NO CASO DE MICROEMPRESAS TAMÉN OS TRABALLADORES AUTÓNOMOS

## BENEFICIARIOS

-**EMPRESAS PRIVADAS** CON PERSONALIDADE XURÍDICA VALIDAMENTE CONSTITUÍDAS NO MOMENTO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES, QUE REALICEN ACTIVIDADES CON ÁNIMO DE LUCRO,
-**EMPRESARIOS INDIVIDUAIS**, QUE TEÑAN A SÚA SEDE SOCIAL OU ALGÚN CENTRO DE TRABALLO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
QUE REÚNAN OS REQUISITOS ESTABLECIDOS EN CADA UN DOS TIPOS DE ACTUACIÓNS:

### PARA A E B)

**A) INFRAESTRUTURA INTERNA DAS EMPRESAS:**

**B) APLICACIÓNS INFORMÁTICAS NAS EMPRESAS**

**EMPRESAS DE CALQUERA SECTOR ECONÓMICO**, INCLUÍDO O SECTOR AUDIOVISUAL NO CASO DA LIÑA A), EXCEPTO:

- EMPRESAS EN CRISE
- EMPRESAS QUE OPEREN NOS SEGUINTES SECTORES:
  - -*PESCA E ACUICULTURA* (PRODUCIÓN, TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN)
  - -*PRODUCIÓN PRIMARIA DOS PRODUTOS AGRÍCOLAS* QUE FIGURAN NA LISTA DO ANEXO I DO TRATADO CE
  - -SECTOR DO *CARBÓN* SEGUNDO SE DEFINE NO REGULAMENTO (CE) 1407/2002.

### PARA C E D)

**C) ACTUACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DO SECTOR DAS TIC**

**D) FORMACIÓN TÉCNICA E PROMOCIÓN DO SECTOR DAS TIC.**

**EMPRESAS** QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO ÁMBITO DAS **TIC**

**AS EMPRESAS PODEN OPTAR ÁS DISTINTAS ACTUACIÓNS** DA CONVOCATORIA, PRESENTANDO SOLICITUDES ESPECÍFICAS PARA CADA UNHA, **PERO CADA EMPRESA SÓ PODERÁ PRESENTAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE PARA CADA TIPO DE ACTUACIÓN**, SE SE PRESENTA MÁIS DUNHA SOLICITUDE AO MESMO TIPO DE ACTUACIÓN, SÓ SE ADMITIRÁ A TRÁMITE A ÚLTIMA SOLICITUDE PRESENTADA.

## FINANCIAMENTO

### CONCEPTOS

SON DIFERENTES SEGUNDO O TIPO DE ACTUACIÓN:

#### A) INFRAESTRUTURA INTERNA DAS EMPRESAS

-INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUTURA DE REDE CABLEADA (FIBRA, CABLE, TOMAS DE REDE E REPARTIDORES), QUE DEBERÁN SER COMO MÍNIMO CATEGORÍA 6, E ACREDITARSE POSTERIORMENTE MEDIANTE CERTIFICACIÓN.

-INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUTURA DE REDE SEN FÍOS (CABLE, PUNTOS DE ACCESO, ENCAMIÑADORES).

-EQUIPAMENTOS DE ELECTRÓNICA ACTIVA DA REDE DE DATOS INTERNA (CONMUTADORES, ENCAMIÑADORES (ROUTERS), BARREIRAS DE SEGURIDADE), QUE DEBERÁN PERMITIR GB ETHERNET.

-ARMARIOS BASTIDORES E SAI QUE SOPORTEN A ELECTRÓNICA DA REDE.

-ELEMENTOS CENTRAIS SERVIDORES DA REDE E DISPOSITIVOS DE ALMACENAMENTO DA INFORMACIÓN, DA REDE DE DATOS INTERNA, SEMPRE QUE SE DIFERENCIEN PERFECTAMENTE DOS GASTOS NON SUBVENCIONABLES.

-EQUIPOS DE VIDEOCONFERENCIA

-ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA O TRATAMENTO DA INFORMACIÓN AUDIOVISUAL TALES COMO MAGNETOSCOPIOS, DIXITALIZADORAS E MESAS DE MESTURAS.

**GASTOS NON SUBVENCIONABLES:**

-ELEMENTOS DE USUARIO (TARXETAS DE REDE, ORDENADORES PERSOAIS, TERMINAIS, EQUIPAMENTOS PORTÁTILES, ETC.), OU OUTRAS FERRAMENTAS HARDWARE.
-ELEMENTOS DE FUNXIBLES OU REMOVIBLES (DISCOS, CINTAS, ETC.).
-LICENZAS DE SOFTWARE.
-SERVIZOS DE MANTEMENTO OU GARANTÍA ADICIONAL SOBRE OS EQUIPOS ADQUIRIDOS.
-CONCEPTOS TALES COMO COTAS DE CONEXIÓN, MANTEMENTO OU HOSPEDAXE.
-OBRA CIVIL, CANALIZACIÓNS E ELEMENTOS DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS.
-CÁMARAS, ÓPTICAS, LENTES E ADAPTADORES, EQUIPAMENTOS DE ILUMINACIÓN E MICROFONÍA, ASÍ COMO ACCESORIOS PARA OS ELEMENTOS ANTERIORES (FUNDAS, MALETAS, TRÍPODES, ETC.).
-ELEMENTOS DE REDES SEN FIOS QUE NON SE DESTINEN PARA O USO INTERNO, SENÓN PARA PRESTAR SERVIZOS DE COMUNICACIÓNS ELECTRÓNICAS A TERCEIROS( EQUIPOS DE RADIOENLACES,TORRES,ANTENAS,ETC)

#### B) APLICACIÓNS INFORMÁTICAS NAS EMPRESAS

-CONTRATACIÓN EXTERNA PARA OS DESENVOLVEMENTOS A MEDIDA DAS APLICACIÓNS E AS ADAPTACIÓNS EN PROFUNDIDADE, SEMPRE QUE SE DEFINA DETALLADAMENTE O ALCANCE DA ADAPTACIÓN OU DESENVOLVEMENTO, E QUE SE DIFERENCIEN INEQUIVOCAMENTE DOS GASTOS NON SUBVENCIONABLES.
-INSTALACIÓN, MIGRACIÓN, POSTA EN FUNCIONAMENTO E FORMACIÓN DAS CITADAS APLICACIÓNS.
-LICENZAS DE SOFTWARE DE CARÁCTER PRODUTIVO, SEGUNDO O INDICADO NA ACTUACIÓN SUBVENCIONABLE B2).

**GASTOS NON SUBVENCIONABLES:**

-ELEMENTOS DE FUNXIBLES OU REMOVIBLES (DISCOS, CINTAS, ETC.).
-LICENZAS DE SOFTWARE, AGÁS O INDICADO NA ACTUACIÓN 1.B2).
-GASTOS DE IMPLANTACIÓNS, DESENVOLVEMENTOS E ADAPTACIÓNS DAS APLICACIÓNS INFORMÁTICAS NOS CALES NON SE IDENTIFIQUE E DIFERENCIE PERFECTAMENTE NAS
OFERTAS PRESENTADAS OS GASTOS EN LICENZAS DE SOFTWARE NECESARIAS (LIBRARÍAS DOS ERP, BASES DE DATOS, SOFTWARE DO SERVIDOR, ETC), E OUTROS GASTOS NON SUBVENCIONABLES.
-SERVIZOS DE MANTEMENTO OU GARANTÍA ADICIONAL SOBRE AS FERRAMENTAS DE SOFTWARE OU OS EQUIPAMENTO ADQUIRIDOS.
-CONCEPTOS TALES COMO COTAS DE CONEXIÓN, MANTEMENTO OU HOSPEDAXE.
-OUTROS GASTOS COMO OS DE XESTIÓN E OS DE PERSOAL PROPIO AÍNDA QUE ESTEA DEDICADO Á EXECUCIÓN DO PROXECTO.
-PÁXINAS WEB.
-EQUIPAMENTOS FÍSICOS (HARDWARE)

<table>
<tr><td rowspan="1">FINANCIAMENTO</td><td>CONCEPTOS</td><td>

**C.- APOIO AO DESENVOLVEMENTO DO SECTOR DAS TIC**

-ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS INFORMÁTICOS CENTRAIS E DE USUARIO, E EQUIPAMENTOS DE REDE INTERNA.<br>
-PERSOAL TÉCNICO PROPIO, CONSIDERARASE A PARTE PROPORCIONAL SEGUNDO A SÚA ADICACIÓN AO PROXECTO E PODERÁ SER PERSOAL:<br>
-CON RELACIÓN LABORAL.<br>
-NO CASO DE MICROEMPRESAS, TAMÉN SE CONSIDERARÁN OS CUSTOS DOS TRABALLADORES AUTÓNOMOS<br>
-SERVIZOS E COLABORACIÓNS EXTERNAS DEDICADAS AO PROXECTO CO LÍMITE MÁXIMO DO 20% DO INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE.

**GASTOS NON SUBVENCIONABLES:**<br>
-LICENZAS DE SOFTWARE.<br>
-CUSTOS DE PERSOAL DIRECTIVO, XERENCIAL OU ADMINISTRATIVO, ASÍ COMO OS DE PERSOAL QUE NON SE ATOPE VINCULADO COA EMPRESA MEDIANTE RELACIÓN LABORAL OU AQUEL EN QUE A CATEGORÍA LABORAL OU POSTO DE TRABALLO QUE DESEMPEÑE NA EMPRESA NON SE CORRESPONDA CO LABOR TÉCNICO INDICADO NA SOLICITUDE.<br>
-OUTRAS FERRAMENTAS HARDWARE.<br>
-ELEMENTOS DE FUNXIBLES OU REMOVIBLES (DISCOS, CINTAS, ETC.) OU GASTOS XERAIS.<br>
-SERVIZOS DE MANTEMENTO OU GARANTÍA ADICIONAL SOBRE OS EQUIPAMENTOS ADQUIRIDOS.<br>
-CONCEPTOS TALES COMO COTAS DE CONEXIÓN, MANTEMENTO OU HOSPEDAXE.<br>
-GASTOS DE FORMACIÓN

**D.- FORMACIÓN TÉCNICA E PROMOCIÓN DO SECTOR DAS TIC**

-GASTOS DE INSCRICIÓN OU MATRÍCULA.<br>
-GASTOS DE VIAXE EN MEDIOS DE TRANSPORTE PÚBLICO (AVIÓN CLASE TURISTA, TREN OU AUTOBÚS).<br>
-GASTOS DE ALOXAMENTO, DESPRAZAMENTO E MANUTENCIÓN (MÁXIMO DE 100€/DÍA.)[4]<br>
-GASTOS DE PRESENZA COMO EXPOSITOR NOS FOROS ESPECIALIZADOS: ALUGUER DE ESPAZO, MOBILIARIO E SERVIZOS QUE SE PRESTARÁN DURANTE O FORO.<br>
-GASTOS DE PERSOAL PROPIO ASISTENTE AO EVENTO ( PARTE PROPORCIONAL DEDICADA AO PROXECTO)<br>
-GASTOS DE SERVIZOS DE FORMACIÓN QUE REALICEN TERCEIROS NA SEDE DA EMPRESA.<br>
-ELABORACIÓN DE MATERIAL PROMOCIONAL<br>
-GASTOS DE ROLDAS DE NEGOCIOS OU ACCIÓNS DEMOSTRADORAS AOS CLIENTES.

**GASTOS NON SUBVENCIONABLES:**<br>
-CUSTOS DE OPERACIÓN, GASTOS PERIÓDICOS OU XENÉRICOS DA ACTIVIDADE DA EMPRESA.<br>
-AXUDAS DE CUSTO, DESPRAZAMENTOS EN VEHÍCULO PARTICULAR OU DA EMPRESA, E CALQUERA GASTO PERSOAL NON XUSTIFICADO CONTRA FACTURA.<br>
-CALQUERA GASTO QUE POLA SÚA NATUREZA POIDA CONSIDERARSE SUBVENCIONABLE, NO CAL FIGUREN INCLUIDOS E SEN CUANTIFICAR OUTROS GASTOS NON SUBVENCIONABLES.<br>
-CALQUERA GASTO DO QUE NON SE ACHEGUE DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA COMPLETA.

**NOTAS XENERAIS:**

**SUBCONTRATACIONS:** -A SUBCONTRATACIÓN PODERÁ ACADAR O CUSTO TOTAL DA ACTIVIDADE PROPOSTA E REALIZARASE DE ACORDO CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 29 DA LEI 38/2003, DO 17 DE NOVEMBRO, XERAL DE SUBVENCIÓNS.

**OS GASTOS SUBVENCIONABLES DEBERÁN:**

- ESTAR REALIZADOS E PAGADOS ENTRE O 1 DE XANEIRO DE 2008 E A O 17 DE NOVEMBRO<br>
- EN NINGÚN CASO O CUSTO DE ADQUISICIÓN DOS GASTOS SUBVENCIONABLES PODERÁ SER SUPERIOR AO VALOR DE MERCADO. OS INVESTIMENTOS NON RESULTARÁN SUBVENCIONABLES.<br>
-OS PROVEDORES DOS BENS OU SERVIZOS, NON PODERÁN ESTAR VINCULADOS COA ENTIDADE SOLICITANTE OU COS SEUS ÓRGANOS DIRECTIVOS OU XESTORES.<br>
-NON INCLUÍR SEN CUANTIFICAR GASTOS NON SUBVENCIONABLES, PORQUE SE É ASÍ CONSIDERARÁNSE NON SUBVENCIONABLES<br>
-INCLUIR A DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA COMPLETA DESCRITA MÁIS ADIANTE
</td></tr>
<tr><td rowspan="2"></td><td>MODALIDADE</td><td>**SUBVENCIÓN**</td></tr>
<tr><td>INTENSIDADE MAX. DA AXUDA</td><td>

CON CARÁCTER XERAL, AS AXUDAS PODERÁN ACADAR ATA O **40% DOS INVESTIMENTOS** SUBVENCIONABLES PERO ESTA PORCENTAXE **PODERÁ ELEVARSE**:<br>
*-ATA UN 10% ADICIONAL, PARA AS SOLICITUDES BASEADAS EN CÓDIGO ABERTO*<br>
*-ATA UN 10% ADICIONAL, PARA AS SOLICITUDES PRESENTADAS POR MEDIANAS EMPRESAS*<br>
*-ATA UN 20% ADICIONAL, PARA AS SOLICITUDES PRESENTADAS POR PEQUENAS EMPRESAS E MICROEMPRESAS (ATA 10% PARA PEMES E ATA 20% PARA MICROEMPRESAS)*

**SUBVENCIÓN MÁXIMA** PARA UN SOLICITANTE NUN OU EN VARIOS PROXECTOS: **80.000€** PERO PARA AS *SOLICITUDES DE AXUDA PRESENTADAS ÁS ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS PARA O SECTOR TIC* ESTA CONTÍA PODERÁ **ACADAR ATA 160.000 €** CANDO O SOLICITANTE SEXA UNHA FACTORÍA DE SOFTWARE E ACREDITE QUE ESTÁ CERTIFICADO OU EN CONDICIÓNS DE CERTIFICARSE ANTES DA DATA LÍMITE DE XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO BAIXO O ESTÁNDAR INTERNACIONAL DO MODELO DE MADUREZ DA CAPACIDADE PARA O DESENVOLVEMENTO DE SOFTWARE (CMM), CANDO MENOS A UN NIVEL 2 DO ESTÁNDAR.

**ESTAS AXUDAS ESTÁN SOMETIDAS AO REXIME DE MINIMIS** POLO QUE UN MESMO BENEFICIARIO NON PODERÁ PERCIBIR OUTRAS AXUDAS BAIXO ESTE MESMO REXIME QUE SUPEREN OS 200.000€ NUN PERÍODO DE TRES EXERCICIOS FISCAIS, 100.000€ NO CASO DE EMPRESAS QUE OPEREN NO SECTOR DO TRANSPORTE POR ESTRADA

ESTAS AXUDAS SON **INCOMPATIBLES PARA OS MESMOS GASTOS SUBVENCIONABLES CON CALQUERA OUTRA REGULADA POLA CONSELLERIA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**
</td></tr>
</table>

[4] NESTE TIPO DE GASTO ACEPTARASE UNHA ESTIMACIÓN INICIAL SEN QUE SE TEÑAN QUE ACHEGAR OFERTAS DOS PROVEDORES.

| | | |
|---|---|---|
| **CRITERIOS DE VALORACIÓN** | A) CALIDADE TÉCNICA E GRADO DE MODERNIZACIÓN EMPRESARIAL OU SECTORIAL QUE SE ACADARÁ COAS SOLUCIÓNS PROPOSTAS (DE 0 A 30 PUNTOS).<br>B) IMPULSO DO CÓDIGO ABERTO (DE 0 A 25 PUNTOS).<br>C) GRAO DE DEFINICIÓN E MADUREZ (DE 0 A 15 PUNTOS).<br>D) CAPACIDADE TÉCNICA E ECONÓMICA DA EMPRESA SOLICITANTE (DE 0 A 15 PUNTOS).<br>E) EMPREGO DA LINGUA GALEGA NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO (DE 0 A 10 PUNTOS).<br>F) SOLICITUDE PRESENTADA CORRECTAMENTE, SEN QUE SEXA NECESARIA A SÚA RECTIFICACIÓN NIN PETICIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA (5 PUNTOS). | |
| **BASES REGULADORAS** | DOG, Nº 11, DO 16 DE XANEIRO DE 2009. | |
| **CONVOCATORIA** | DOG, Nº 11, DO 16 DE XANEIRO DE 2009. | |
| **PRAZO DE PRESENTACIÓN** | COMENZARÁ O 17 DE XANEIRO DE 2009 E **REMATARÁ O 19 DE FEBREIRO DE 2009 (INCLUSIVE)**<br>**NOTA IMPORTANTE: OS FORMULARIOS DA APLICACIÓN INFORMÁTICA NECESARIOS PARA A PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE SO SE PODERÁN CUBRIR ATA AS 14.00 HORAS DO 18 DE FEBREIRO** | |
| **ORGANISMOS** | CONVOCANTE E XESTOR | **CONSELLERIA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**<br>**INFORMACIÓN SOBRE ESTA CONVOCATORIA:**<br>**- *981 54 55 83* OU *axudas.dxpisi@xunta.es*** |